



Concello de
OURENSE

Xeración de Crédito 20-X/18
Expte. Cividas: 2018024759
XC – 20X/2018

DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense, na data da sinatura electrónica

Vista a Providencia do Concelleiro Delegado de Asuntos Sociais en funcións de data 06/08/2018 solicitando tramitación urxente de expediente de Xeración de Crédito por un importe de 401.958,46 euros.

Visto o informe-proposta do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria de data 07/08/2018, en relación ao expediente 20-X/2018, remitido para fiscalización da Intervención Municipal na mesma data.

Emitido polo Interventor Municipal en data 04/09/2018 informe preceptivo con referencia 20X-18 con asunto “expediente xeración de créditos nº 20-X/2018” no que fiscaliza de desconformidade o expediente.

Exposta discrepancia polo Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, e considerando o recollido no informe deste Órgano de data 05/09/2018.

Asinada Providencia por esta Alcaldía en data 05/09/2018 e resolta a discrepancia exposta mediante Decreto de Alcaldía nº 2018005828 de data 06/09/2018.

En uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposición que a desenrolan, así como o artigo 16º das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, e o Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local, **ACORDO**:

“1.- Aprobar a modificación orzamentaria 20-X/2018, utilizando a figura das xeracións de crédito, de acordo co seguinte detalle:

APLICACIÓN DOS FONDOS		
<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
N150.2318.22610	Gastos programa axuda a domicilio (dependencia)	401.958,46 €
	TOTAL.....	401.958,46 €

ORIXE DOS FONDOS		
<u>CONCEPTO</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
45026	Subvención Xunta programa axuda a domicilio	401.958,46 €
	TOTAL.....	401.958,46 €



2.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e a Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos.”

O manda e asina o Excmo. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.

